

AXUDAS GRANDES EMPRESAS EN FOEXGA 2024

Resolución do 19 de abril de 2024 pola que se da publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas Grandes Empresas en FOEXGA 2024 (DOG Nº 83, de 26 de abril do 2024).

PARTICIPACIÓN EN FEIRA BIG 5 CONSTRUCT SAUDI

SECTORES: Revestimentos, portas e ventás, deseño e acabado de interiores, materiais de construción, calefacción, ventilación e aire acondicionado, deseño de exteriores, tecnoloxía da auga e medio ambiente, pintura e equipamento relacionado, equipamento para baño e cocina, material de seguridade e maquinaria para construción

Entre o 13 e o 28 de febreiro de 2025.

NÚMERO DE EXPEDIENTE GRANDES EMPRESAS EN FOEXGA 2024: IG265.2024.1.66

NÚMERO DE EXPEDIENTE FOEXGA DA ACCIÓN DE CORRESPONDENCIA: IG202.2024.1.101

A Cámara de Comercio de Santiago de Compostela e IGAPE convocan a participación na exposición en feira BIG 5 CONSTRUCT SAUDI 2025, dentro do pavillón español, xestionado por ICEX, prevista entre:

- **Semana 1 - Do 13 ao 19 de febreiro de 2025:** Cubertas e cerramentos, cemento e formigón, construción dixital, equipos de protección, MEP, construcións modulares de aceiro, HVACR (calefacción, ventilación, aire acondicionado e refrixeración) e HEAVY (maquinaria e industria pesada) .
- **Semana 2 - Do 22 ao 28 de febreiro de 2025:** Construción e acabados interiores, produtos de enerxía solar, edificios intelixentes, construción especial, HEAVY (maquinaria e industria pesada), pedra e mármore: fiestras, portas e fachadas; deseño urbano e paisaxismo; vidro; pinturas; xestión de instalacións

Link Feira: <https://www.big5constructsaudi.com/product-information/>

Unicamente serán admitidas inscricións fóra do pavillón español cando polas características do produto a expoñer non se teña cabida nos pavillóns contratados polo ICEX. Nese caso tratarase de contratar espazo a través da organización feiral.

- ORGANIZA:** Cámara de Comercio de Santiago de Compostela e IGAPE
- FINANCIA:** IGAPE
- TIPO DE ACCIÓN:** Participación en feira
- OBXECTO:** Concesión de axudas por parte do Igape para favorecer o incremento da internacionalización das empresas galegas non pemes, coa finalidade de incentivar e estimular o comercio exterior galego e a internacionalización.
- SECTOR:** Revestimentos, portas e ventás, deseño e acabado de interiores, materiais de construción, calefacción, ventilación e aire acondicionado, deseño de exteriores, tecnoloxía da auga e medio ambiente, pintura e equipamento relacionado,



equipamento para baño e cocina, material de seguridade e maquinaria para construción.

- ❑ **PERSOAS BENEFICIARIAS:** Empresas con centro de traballo en Galicia que non cumpran a condición de peme.

- ❑ **DATAS:**
 - 13 de febreiro ao 19 de febreiro de 2025
 - 22 de febreiro ao 28 de febreiro de 2025

- ❑ **CIDADES: RIAD.**
- ❑ **DATA LIMITE DE INSCRIPCIÓN: 25 de setembro de 2024. Non prorrogable.**

SELECCIÓN DAS EMPRESAS

As empresas participantes deben cumprir as condicións establecidas por ICEX na súa convocatoria que se adxunta. **A NORMATIVA DO ICEX FORMA PARTE DO REGULAMENTO DESTA CONVOCATORIA.** A Cámara de Comercio seguirá a normativa ICEX para a selección de empresas. Se a empresa non é seleccionada devolveráselle o importe pagado.

A Cámara organizará esta acción sempre que haxa un número mínimo de 2 empresas galegas apuntadas. O ICEX marca un número mínimo de 6 empresas españolas.

PLAN DE VIAXE PREVISTO

A viaxe estaría comprendida entre estas datas:

Saída de España prevista: 13 de febreiro.

A Chegada a Riad non debe ser posterior ao 14 de febreiro pola mañá, dado que debe presentarse no pavillón para a recepción, desembalaxe e colocación da mercadoría e ultimar a decoración do seu stand.

Regreso a Galicia: 19 de febreiro.

O plan de viaxe previsto son 6 pernoctas no país, podendo alcanzar ata 7 noites subvencionables.

Saída de España prevista: 22 de febreiro.

A Chegada a Riad non debe ser posterior ao 23 de febreiro pola mañá, dado que debe presentarse no pabellón para a recepción, desembalaxe e colocación da mercadería e ultimar a decoración do seu stand.

Regreso a Galicia: 28 de febreiro.

O plan de viaxe previsto son 6 pernoctas no país, podendo alcanzar ata 7 noites subvencionables.

Outras opcións: Pódense contemplar outras opcións de viaxe. Consultar á Cámara.

MOI IMPORTANTE: Unicamente se subvencionarán os gastos de viaxe do persoal propio da gran empresa participante ou que forme parte do consello de administración da mesma.



ADMITIRÁNSE OS GASTOS SUBVENCIONABLES DE ATA 2 PERSOAS POR EMPRESA.

No caso de ser necesario o acompañamento do técnico da cámara para prestar servizo de apoio técnico en destino os costes do mesmo prorratearanse en función do disposto polo IGAPE na orde de bases.

MOI IMPORTANTE: A Cámara de Comercio de Santiago deberá adquirir todos os custos subvencionables. Non será subvencionable ningún custo adquirido directamente pola empresa.

A Cámara de Comercio de Santiago regularizará coa empresa o importe solicitado no caso de que a cota ingresada sexa superior aos gastos reais ou viceversa.

- **Detalle dos orzamentos de custos para participar na acción:**

O custo inclúe custos estimados de: B. aéreo (I/V), aloxamento (6 noites), seguro de viaxe, transporte da mercadoría, traslados conxuntos aeroporto-hotel-aeroporto, custo de información, xestión da inscrición, viaxe do técnico, loxística e da subvención de IGAPE por parte da Cámara de Comercio. Ademais inclúe a cuota ICEX: Aluguer espazo (12 metros cadrados), electricidade, decoración e mobiliario, edición do catálogo de expositores, limpeza e auga.

NOTA: Se a empresa desexa máis metros cadrados debe solicitar un orzamento a Cámara.

A empresa deberá transferir a Cámara o 50% destas cantidades. Entón a Cámara enviará a empresa un código de pago para poder realizar a inscrición na plataforma do ICEX. Cando o ICEX aprobe a súa participación a empresa transferirá á Cámara o 50% do importe restante. En caso de non ser seleccionada se lle devolverá todo a cuota ingresada. Neste punto recoméndase ler a convocatoria do ICEX xa que establece un mínimo de 6 empresas por semana para a organización final do evento.

CUSTOS:

Custo participación	1 Persoa	2 Persoas
Custo	14.580,00 € + IVE= 17.641,8€	18.780 € + IVE = 22.723,8 €
SUBVENCIÓN PREVISTA: 30%	4.374,00 €	5.634,00 €
CUOTA 50% A INGRESAR	8.820,90 €	11.361,90 €



REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas as empresas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que superen os límites establecidos para a definición de peme segundo o anexo I do Regulamento nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE do 26.6.2014, L 187).
- b) Que teñan algún centro de traballo radicado na Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Que estean dadas de alta en programas avanzados do Igape de apoio á internacionalización con informe positivo emitido a partir do 1 de xaneiro de 2013. A solicitude de alta en programas avanzados do Igape de apoio á internacionalización deberá facerse antes do remate do prazo de fin de execución da actuación, a través do procedemento do Igape IG192.
- d) As persoas beneficiarias deberán contar con presenza nos medios dixitais internacionais; contarán, como mínimo, cunha páxina web con versión en inglés.
- e) As persoas beneficiarias deberán estar ao día nas súas obrigas coa Facenda pública estatal, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social. Tamén deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para ser persoa beneficiaria da axuda, e cumprir as obrigas do artigo 11 da citada Lei de subvencións.
- f) As persoas beneficiarias sométense ao réxime de minimis segundo o recollido no artigo 2.3 destas bases.
- g) Que estean ao día nos pagamentos debidos ás cámaras.
- h) As empresas participantes nunha mesma acción non deberán ter vinculación entre si de ningún tipo (nin coas empresas pemes participantes na acción de correspondencia do Foexga) para poderen optar á subvención; no caso de que participen nunha acción dúas empresas vinculadas, só unha delas poderá optar á subvención. Enténdese por vinculación calquera participación dunha empresa, tanto directa como indirecta, na xestión, control ou capital social doutra. A vinculación faise extensiva á relación de membros de órgano de goberno, directivos ou xestores.

2. Mediante a presentación da solicitude de participación na acción, as persoas beneficiarias aceptan a tramitación a través da entidade colaboradora, que será, así mesmo, a encargada de informar puntualmente a persoa interesada sobre o estado da súa petición, os seus dereitos e obrigas, e as notificacións recibidas de acordo co establecido no artigo 6.2. O Igape porá á disposición deste programa unha aplicación no enderezo da internet

<https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual> para os efectos de cubrir o cuestionario.



OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Son obrigas das persoas beneficiarias, sen prexuízo do disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as seguintes:

- a) As descritas no artigo 5.5, letras a), b), c), d), e) e g), obrigas comúns ás entidades colaboradoras.
- b) Cubrir o cuestionario de participación no enderezo da internet <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual> e presentalo asinado ante a entidade colaboradora convocante da acción.
- c) Confirmar a inscrición na actuación realizando o pagamento das facturas emitidas pola entidade colaboradora na data correspondente a cada convocatoria.
- d) Proporcionarlle á entidade colaboradora todos os documentos necesarios para poder tramitar as axudas establecidas nestas bases e como acreditar os requisitos ou as condicións que determinen a concesión da axuda, no prazo sinalado na resolución de convocatoria, como son:
 - Certificado da AEAT de alta no imposto de actividades económicas (IAE).
 - Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias coa AEAT.
 - Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social.
 - Certificado de estar ao día no pagamento á Consellería de Facenda e Administración Pública.
 - Declaración de concesións de subvencións e axudas.
 - Declaración de concesións pola regra de minimis.
 -
- e) Participar nas actuacións que fundamenten a concesión da subvención, así como colaborar e achegarlle a documentación á entidade colaboradora. A axuda aboarase a través da entidade colaboradora unha vez finalizada a acción e cumpridas todas as obrigas.
- f) Comunicarlle á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación de fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, durante un prazo de catro (4) anos desde a súa presentación.
- h) Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o cal se concede a axuda.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- j) Consentirlle ao Igape a comprobación de datos necesaria para a determinación da concesión da axuda.



GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Será subvencionable a participación das grandes empresas galegas nas actuacións organizadas e executadas por unha entidade colaboradora no marco do programa Foexga 2024 nos países recollidos no anexo VII.
2. Gasto subvencionable: establécese como gasto subvencionable o gasto subvencionable máximo admitido para as pemes nunha acción Foexga; isto é:
Participación en misión comercial: 8.000 €.
Participación feira internacional: 32.000 €.-
3. Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados entre o día da presentación da solicitude de axuda e a data de fin de execución, segundo o establecido na convocatoria destas bases e na resolución de concesión. Tamén serán subvencionables os gastos efectuados con anterioridade á presentación da solicitude de axuda, correspondentes á reserva das empresas de participacións nas accións.
4. En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado e non se admitirán os pagamentos en efectivo.

CONTÍA DA AXUDA

A contía da axuda será do 30 % sobre o importe a que se refire o artigo 3.2; isto é:

Participación en misión comercial: 2.400 €.
Participación en feira internacional: 9.600 €.

PRAZO, FORMA DE XUSTIFICACIÓN E RÉXIME XURÍDICO

Para a tramitación da subvención, a empresa participante deberá enviar á Cámara de Comercio toda a información que esta necesite para poder xustificar a correcta realización da acción conforme os parámetros desta convocatoria cando a Cámara o solicite.

O Igape aboará as subvencións á entidade colaboradora para que esta lles ingrese ás empresas os importes íntegros -sen compensación doutros gastos non elixibles- correspondentes ás subvencións recibidas do Igape, nun prazo máximo de dez (10) días hábiles tras recibir a transferencia do Igape. Unha vez feitas as transferencias das subvencións ás empresas, as entidades colaboradoras deberán remitirille ao Igape copia simple das transferencias efectuadas.

Será de aplicación a regulación sobre o réxime de xustificación, pagamento, reintegro e réxime sancionador de subvencións, contida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

FORMALIZACIÓN DE INSCRICIÓN

Data límite de inscrición: 25/09/2024 Para formalizar a inscrición na acción, debe enviar á Cámara de Santiago de Compostela a seguinte documentación:

- Solicitud de participación asinada, que poderá cubrir no enderezo <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual> (IG267).
- Copia da acreditación da representación legal do firmante (escritura de constitución da sociedade ou escritura de poder)
- Copia Certificados actualizados de estar o corrente con a AEAT, TGSS e Facenda
- Xustificante de pago a nome da Cámara de Comercio de Santiago de Compostela polo importe correspondente a opción elixida:

DATOS DA CONTA BANCARIA ONDE REALIZAR O PAGO

ABANCA: ES37 2080 0300 80 3040113939

(Titular: Cámara de Comercio de Santiago de Compostela)

Concepto: **FEIRA BIG 5 BIG 5 CONSTRUCT SAUDI 2025**

PENALIZACIÓN POR BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA

En caso de **BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA**, establécense as seguintes penalizacións:

- A- Se a baixa se produce con 40 días ou máis de antelación á realización da acción, a penalización consistirá no aboamento dos gastos incorridos, ata o momento, por parte da empresa.
- B- Se se produce con 39 a 30 días de antelación á realización da acción, a penalización consistirá no aboamento dos gastos incorridos, ata o momento, por parte da empresa.
- C- Se se produce entre o comezo da misión e os 29 días anteriores a penalización consistirá no aboamento dos gastos incorridos, ata o momento, por parte da empresa.

INFORMACIÓN E INSCRICIÓN

CÁMARA DE COMERCIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Dpto. de Comercio Exterior, Cámara de Comercio de Santiago de Compostela
Republica Checa, 40, 15707 Santiago de Compostela, A Coruña

Tel. 981 59.68.00

Mail: fpsoba@camaracompostela.org

Técnico: Fernando Pérez-Soba